

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

- 8043** *Real decreto 665/2015, do 17 de xullo, polo que se desenvolven determinadas disposicións relativas ao exercicio da docencia na educación secundaria obrigatoria, no bacharelato, na formación profesional e nas ensinanzas de réxime especial, á formación inicial do profesorado e ás especialidades dos corpos docentes de ensino secundario.*

O Real decreto 1834/2008, do 8 de novembro, polo que se definen as condicións de formación para o exercicio da docencia na educación secundaria obrigatoria, no bacharelato, na formación profesional e nas ensinanzas de réxime especial e se establecen as especialidades dos corpos docentes de ensino secundario, estableceu as especialidades dos corpos docentes de ensino secundario e nos seus anexos asignou as materias do currículo que correspondía impartir a cada unha destas.

Pola súa banda, o Real decreto 860/2010, do 2 de xullo, polo que se regulan as condicións de formación inicial do profesorado dos centros privados para exercer a docencia nas ensinanzas de educación secundaria obrigatoria ou de bacharelato, regulou, con relación ao exercicio da docencia nos centros privados, as condicións de formación inicial exixidas ao profesorado dos ditos centros.

A nova configuración do currículo de educación secundaria obrigatoria e bacharelato constitúe un dos aspectos fundamentais que comporta a reforma educativa que se inicia tras a publicación da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. En función desta, modifícanse os artigos 24 e 25 da Lei orgánica 2/2006, de educación, referidos á organización do primeiro ciclo e do cuarto curso da educación secundaria obrigatoria, dáse unha nova redacción ao artigo 34 e engádense dous novos artigos nos cales se regula a organización do primeiro e segundo cursos de bacharelato. Como resultado destas modificacións desaparecen do currículo ou cambian de denominación algunhas materias e introdúcense outras novas. Ademais, a organización da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato deixa de estar baseada na oferta de materias obrigatorias, de modalidade e optativas, para pasar a agrupar as materias en tres bloques: troncais, específicas e de libre configuración autonómica.

Ademais, a Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, establece unha nova ordenación da formación profesional e, como medida para facilitar a permanencia dos alumnos e das alumnas no sistema educativo e ofrecerlles maiores posibilidades para o seu desenvolvemento persoal e profesional, crea os ciclos de formación profesional básica dentro da formación profesional do sistema educativo e prevé a desaparición progresiva dos programas de cualificación profesional inicial.

Resulta, polo tanto, necesario modificar o Real decreto 1834/2008, do 8 de novembro, co obxecto de adecuar as súas disposicións ás modificacións que a Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, introduce na ordenación das distintas ensinanzas, e asignar a cada unha das especialidades dos corpos docentes as materias que integran o currículo.

Con este mesmo fin modifícase tamén a través desta norma o Real decreto 860/2010, do 2 de xullo, e incorpóranselle, ademais, os requisitos de titulación necesarios para impartir os módulos profesionais asociados aos bloques comúns da nova formación profesional básica.

Por último, é necesario tamén establecer a correspondencia entre aquelas materias do currículo anterior á Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, que cambian de denominación, e as que integran o currículo derivado da súa implantación.

Para a elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas, no seo da Conferencia Sectorial de Educación, e os cidadáns a través dun trámite de

información pública, emitiu ditame o Consello Escolar do Estado e emitiu informe a Comisión Superior de Persoal.

En virtude do exposto, por proposta do ministro de Educación, Cultura e Deporte, logo de aprobación do ministro de Facenda e de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 17 de xullo de 2015,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Real decreto 1834/2008, do 8 de novembro, polo que se definen as condicións de formación para o exercicio da docencia na educación secundaria obrigatoria, no bacharelato, na formación profesional e nas ensinanzas de réxime especial e se establecen as especialidades dos corpos docentes de ensino secundario.*

Un. Os números 5 e 6 do artigo 3 quedan redactados nos seguintes termos:

«5. Os ámbitos específicos que se poidan crear dentro dos programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento, establecidos no artigo 27 da Lei 2/2006, do 3 de maio, os resultantes da agrupación de materias do primeiro curso en ámbitos de coñecemento prevista no artigo 24.7 da dita lei orgánica e os propios da oferta específica para persoas adultas serán impartidos por funcionarios dos corpos de catedráticos e de profesores de ensino secundario dalgunha das especialidades que teñan atribución docente para impartir calquera das materias que se integran nos ditos ámbitos.

6. Nos termos que determinen as administracións educativas, os profesores técnicos de formación profesional das especialidades que en cada caso corresponda poderán impartir a materia de Tecnoloxía e asumir funcións de atención á diversidade, sen que ningunha desas posibilidades implique dereito sobre a titularidade das especialidades respectivas ou sobre a pertenza a un corpo distinto daquel a que pertencen.»

Dous. O artigo 5 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 5. Asignación de materias de libre configuración autonómica.

As administracións educativas determinarán a atribución das materias de libre configuración autonómica que establezan na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato ás diferentes especialidades docentes.»

Tres. Engádesse unha nova disposición adicional novena, que queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional novena. *Ciclos formativos de formación profesional básica.*

Os módulos profesionais dos ciclos formativos de formación profesional básica asociados aos bloques comúns establecidos no artigo 42.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, serán impartidos por persoal funcionario dos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario dalgunha das especialidades que teñan atribución docente para impartir calquera das materias incluídas no bloque común correspondente, conforme o establecido no anexo VI».

Catro. Modifícase o anexo III, que queda redactado nos seguintes termos:

«ANEXO III

Asignación de materias da educación secundaria obrigatoria ás especialidades docentes dos corpos de catedráticos de ensino secundario e de profesores de ensino secundario

Especialidades dos corpos	Materias da educación secundaria obrigatoria
Alemán.	Primeira Lingua Estranxeira Alemán. Segunda Lingua Estranxeira Alemán.
Bioloxía e Xeoloxía.	Bioloxía e Xeoloxía. Cultura Científica.
Debuxo.	Educación Plástica, Visual e Audiovisual.
Economía.	Economía. Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. (Nos centros nos cales exista profesorado da especialidade de Economía, Formación e Orientación Laboral, e Organización e Xestión Comercial seguirase esta orde de prelación para impartir as materias de Economía e Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial).
Educación Física.	Educación Física.
Filosofía.	Filosofía Valores Éticos.
Física e Química.	Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional Física e Química.
Formación e Orientación Laboral.	Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial.
Francés.	Primeira Lingua Estranxeira Francés. Segunda Lingua Estranxeira Francés.
Xeografía e Historia.	Xeografía e Historia.
Grego.	Cultura Clásica.
Informática.	Tecnoloxías da Información e da Comunicación. (Nos centros nos cales exista profesorado da especialidade de Informática, este terá preferencia sobre o da especialidade de Tecnoloxía para impartir a materia Tecnoloxías da Información e da Comunicación).
Inglés.	Primeira Lingua Estranxeira Inglés. Segunda Lingua Estranxeira Inglés.
Italiano.	Primeira Lingua Estranxeira Italiano. Segunda Lingua Estranxeira Italiano.
Lingua Castelá e Literatura.	Lingua Castelá e Literatura. Artes Escénicas e Danza.
Latín.	Latín. Cultura Clásica.
Matemáticas.	Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas. Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas. Matemáticas.
Música.	Música. Artes Escénicas e Danza. (Para impartir a materia de Artes Escénicas e Danza terá preferencia o profesorado da especialidade de Música).
Organización e Xestión Comercial.	Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial.
Portugués.	Primeira Lingua Estranxeira Portugués. Segunda Lingua Estranxeira Portugués.
Tecnoloxía.	Tecnoloxía. Tecnoloxías da Información e da Comunicación.

Cinco. Modifícase o anexo IV, que queda redactado nos seguintes termos:

«ANEXO IV

Asignación de materias do bacharelato ás especialidades docentes dos corpos de catedráticos de ensino secundario e de profesores de ensino secundario

Especialidades dos corpos	Materias do bacharelato
Administración de Empresas.	Fundamentos de Administración e Xestión.
Alemán.	Primeira Lingua Estranxeira Alemán. Segunda Lingua Estranxeira Alemán.
Bioloxía e Xeoloxía.	Ciencias da Terra e do Ambiente. Bioloxía. Bioloxía e Xeoloxía. Cultura Científica Xeoloxía. Anatomía Aplicada. (A materia Anatomía Aplicada poderá, así mesmo, ser atribuída a aqueles que estean en posesión do título superior de Danza).
Debuxo.	Debuxo Artístico I e II. Debuxo Técnico I e II. Deseño. Fundamentos da Arte I e II. Historia da Arte. Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica Volume. (A materia Historia da Arte poderá ser impartida por catedráticos ou profesores de Debuxo que estean en posesión dun título de licenciado en Belas Artes ou grao equivalente).
Economía.	Economía. Economía da Empresa. Fundamentos de Administración e Xestión.
Educación Física.	Educación Física.
Filosofía.	Filosofía. Historia da Filosofía. Psicoloxía.
Física e Química.	Física. Química. Física e Química. Cultura Científica.
Francés.	Primeira Lingua Estranxeira Francés. Segunda Lingua Estranxeira Francés.
Xeografía e Historia.	Xeografía. Historia de España. Historia da Arte. Historia do Mundo Contemporáneo. (A materia Historia da Arte poderá ser impartida por catedráticos ou profesores de Debuxo que estean en posesión dun título de licenciado en Belas Artes ou grao equivalente).
Grego.	Grego I e II.
Informática.	Tecnoloxías da Información e da Comunicación I e II.
Inglés.	Primeira Lingua Estranxeira Inglés. Segunda Lingua Estranxeira Inglés.
Italiano.	Primeira Lingua Estranxeira Italiano. Segunda Lingua Estranxeira Italiano.
Latín.	Latín I e II.

Especialidades dos corpos	Materias do bacharelato
Lingua Castelá e Literatura.	Artes Escénicas. Lingua Castelá e Literatura I e II. Literatura Universal. (A materia Artes Escénicas poderá, así mesmo, ser atribuída a aqueles que estean en posesión do título superior de Arte Dramática).
Matemáticas.	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I e II. Matemáticas I e II.
Música.	Análise Musical I e II. Historia da Música e da Danza. Linguaxe e Práctica Musical. (As materias Análise Musical I e II e Linguaxe e Práctica Musical poderán, así mesmo, ser atribuídas a aqueles que estean en posesión do título superior de Música). (A materia Historia da Música e da Danza poderá, así mesmo, ser atribuída a aqueles que estean en posesión do título superior de Música ou o título superior de Danza).
Portugués.	Primeira Lingua Estranxeira Portugués. Segunda Lingua Estranxeira Portugués.
Tecnoloxía.	Tecnoloxías da Información e da Comunicación I e II. Tecnoloxía Industrial I e II. Imaxe e Son.

Nota:

Cando unha mesma materia estea asignada a varias especialidades, a orde de prelación na adxudicación estará determinada polo que as administracións educativas establezan para o ámbito da súa competencia ou, na súa falta, pola asignación que os centros realicen na súa programación xeral anual.»

Seis. Modifícase o anexo V, que queda redactado nos seguintes termos:

«ANEXO V

Asignación de materias a que se refire o número 3 do artigo 3

Especialidades dos corpos	Materias
Administración de Empresas.	Economía (ESO e bacharelato). Economía da Empresa. Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial.
Análise e Química Industrial.	Química. Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional.
Asesoría e Procesos de Imaxe Persoal.	Bioloxía. (Os docentes da especialidade de Asesoría e Procesos de Imaxe Persoal poderán impartir a materia Bioloxía sempre que se trate de licenciados ou graduados en ciencias con formación en bioloxía).
Bioloxía e Xeoloxía.	Física e Química (ESO). Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional.
Construcións Cívicas e Edificación.	Debuxo Técnico I e II.
Física e Química.	Bioloxía e Xeoloxía (ESO). Cultura Científica (ESO).
Formación e Orientación Laboral.	Economía (ESO e bacharelato). Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. (Os docentes da especialidade de Formación e Orientación Laboral poderán impartir as materias Economía, Economía da Empresa, e Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial, sempre que se trate de licenciados ou graduados nalgunha especialidade da rama de coñecementos de Ciencias Sociais e Xurídicas con formación en economía).

Especialidades dos corpos	Materias
Grego.	Latín I e II. Latín (ESO).
Latín.	Grego I e II.
Matemáticas.	Tecnoloxías da Información e da Comunicación (ESO).
Organización e Xestión Comercial.	Economía (ESO e bacharelato). Economía da Empresa.
Organización e Procesos de Mantemento de Vehículos.	Tecnoloxía Industrial I e II.
Organización e Proxectos de Fabricación Mecánica.	Tecnoloxía Industrial I e II.
Organización e Proxectos de Sistemas Enerxéticos.	Tecnoloxía Industrial I e II.
Procesos de Cultivo Acuícola.	Bioloxía.
Procesos Diagnósticos Clínicos e Produtos Ortoprotésicos.	Bioloxía.
Procesos e Produtos en Madeira e Moble.	Debuxo Técnico I e II.
Procesos Sanitarios.	Bioloxía.
Sistemas Electrónicos.	Tecnoloxía Industrial I e II.
Sistemas Electrotécnicos e Automáticos.	Tecnoloxía Industrial I e II.

Sete. Engádesse un novo anexo VI, que queda redactado nos seguintes termos:

«ANEXO VI

Asignación de módulos profesionais dos bloques comúns dos ciclos de formación profesional básica ás especialidades docentes dos corpos de catedráticos de ensino secundario e de profesores de ensino secundario

Especialidades dos corpos	Módulos profesionais
Alemán. Francés. Xeografía e Historia. Inglés. Italiano. Lingua Castelá e Literatura. Lingua cooficial (de ser o caso). Portugués.	Módulo de Comunicación e Sociedade.
Bioloxía e Xeoloxía. Física e Química. Matemáticas. Tecnoloxía.	Módulo de Ciencias Aplicadas.

Artigo segundo. *Modificación do Real decreto 860/2010, do 2 de xullo, polo que se regulan as condicións de formación inicial do profesorado dos centros privados para exercer a docencia nas ensinanzas de educación secundaria obrigatoria ou de bacharelato.*

Un. O artigo 7 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 7. *Programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento, ciclos formativos de formación profesional básica e materias de libre configuración autonómica.*

1. Os ámbitos específicos que se poidan crear dentro dos programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento, establecidos no artigo 27 da Lei 2/2006, do 3 de maio, os resultantes da agrupación de materias do primeiro curso en ámbitos de coñecemento prevista no artigo 24.7 da dita lei orgánica e os propios da

oferta específica para persoas adultas serán impartidos polo profesorado que reúna os requisitos de formación inicial para impartir calquera das materias que se integran nos ditos ámbitos.

2. Os módulos dos ciclos de formación profesional básica asociados aos bloques comúns establecidos no artigo 42.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, serán impartidos por profesorado coa titulación e cos requisitos establecidos na normativa vixente para a impartición dalgunha das materias incluídas no bloque común correspondente, conforme o disposto no anexo II.

3. As administracións educativas regularán os requisitos para a acreditación da cualificación específica adecuada para impartir as materias de libre configuración autonómica non reguladas por este real decreto e que formen parte do currículo da educación secundaria obrigatoria ou do bacharelato.»

Dous. A disposición adicional cuarta queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional cuarta. *Referencia a títulos do sistema educativo español e adscrición de titulacions a ramas ou áreas de coñecementos.*

1. Todas as referencias contidas neste real decreto respecto dun título concreto de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto se entenderán estendidas tamén a aqueles títulos universitarios oficiais de graduado da ordenación do ensino universitario oficial establecido no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, que acrediten a obtención das competencias adecuadas para impartir o currículo da correspondente materia.

2. As referencias contidas no anexo I deste real decreto ás distintas áreas dos títulos da anterior ordenación entenderanse referidas á correspondente clasificación contida no anexo do Real decreto 1954/1994, do 30 de setembro, sobre homologación de títulos aos do Catálogo de títulos universitarios oficiais.

3. Nas referencias que se fan no anexo I deste real decreto a títulos do sistema educativo español débense entender incluídos todos os títulos declarados equivalentes a eles, como mínimo, para os efectos de docencia. Para estes efectos, débense entender incluídos dentro da área de Humanidades ou de Ciencias Sociais e Xurídicas ou da rama de coñecemento de Artes e Humanidades ou de Ciencias Sociais e Xurídicas os títulos superiores de Música, de Danza ou de Arte Dramática (artigos 42.3 e 45.1 da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro) ou os títulos de graduado en Música, Danza, Arte Dramática, Conservación e Restauración de Bens Culturais, Deseño ou Artes Plásticas, así como os títulos de Ciencias Eclesiásticas de nivel universitario equivalentes a licenciado ou doutor, recoñecidos para efectos civís e debidamente dilixenciados polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.»

Tres. Modifícase o anexo, que se numera como anexo I e queda redactado nos seguintes termos:

«ANEXO I

Condicións para impartir as materias da educación secundaria obrigatoria (ESO) e do bacharelato (BTO) en centros privados

Materias	Nivel	Condicións de formación inicial
Análise Musical. Linguaxe e Práctica Musical.	BTO	Título superior de Música ou de Danza (artigo 54.3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio). Licenciado en Musicoloxía ou en Historia e Ciencia da Música. Título superior de Música (artigo 42.3 da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro) ou titulacions declaradas equivalentes para os efectos de docencia.
Historia da Música e da Danza.	BTO	Título superior de Música ou de Danza (artigo 54.3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio). Licenciado en Musicoloxía ou en Historia e Ciencia da Música. Título superior de Música ou de Danza (artigo 42.3 da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro) ou titulacions declaradas equivalentes para os efectos de docencia.

Materias	Nivel	Condições de formación inicial
Anatomía Aplicada.	BTO	Título superior de Danza (artigo 54.3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio). Calquera título de licenciado da área de Ciencias Experimentais e da Saúde ou calquera título oficial de graduado ou graduada da rama de coñecemento de Ciencias da Saúde e, ademais, acreditar unha experiencia docente ou unha formación superior adecuada para impartir o currículo da materia. Título superior de Danza (artigo 42.3 da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro) ou ensinanzas declaradas equivalentes para os efectos de docencia.
Artes Escénicas.	BTO	Título superior de Arte Dramática (artigo 55.3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio). Calquera título de licenciado da área de Humanidades ou das Ciencias Sociais e Xurídicas ou calquera título oficial de graduado ou graduada da rama de coñecemento de Artes e Humanidades ou de Ciencias Sociais e Xurídicas e, ademais, acreditar unha experiencia docente ou unha formación superior adecuada para impartir o currículo da materia. Título superior de Arte Dramática (artigo 45.1 da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro) ou titulacións declaradas equivalentes para os efectos de docencia.
Artes Escénicas e Danza.	ESO	Título superior de Arte Dramática (artigo 55.3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio). Calquera título de licenciado da área de Humanidades ou das Ciencias Sociais e Xurídicas ou calquera título oficial de graduado ou graduada da rama de coñecemento de Artes e Humanidades ou de Ciencias Sociais e Xurídicas e, ademais, acreditar unha experiencia docente ou unha formación superior adecuada para impartir o currículo da materia. Título superior de Arte Dramática (artigo 45.1 da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro) ou titulacións declaradas equivalentes para os efectos de docencia.
Música.	ESO	Título superior de Música (artigo 54.3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio). Calquera título de licenciado, enxeñeiro, arquitecto, graduado ou graduada, e acreditar estar en posesión do título profesional de Música (artigo 42.2 da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, ou artigo 50.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio) ou o título de profesor regulado no Decreto 2618/1966, do 10 de setembro, de regulamentación xeral dos conservatorios de música. Licenciado en Historia e Ciencias da Música. Título superior de Música (artigo 42.3 da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro) ou titulacións declaradas equivalentes para os efectos de docencia.
Cultura Audiovisual.	BTO	Acreditar unha formación superior adecuada para impartir o currículo da materia.
Biología e Xeoloxía.	ESO/BTO	Calquera título de licenciado da área de Ciencias Experimentais e da Saúde ou calquera título oficial de graduado ou graduada da rama de coñecemento de Ciencias ou de Ciencias da Saúde e, ademais, acreditar unha experiencia docente ou unha formación superior adecuada para impartir o currículo da materia correspondente.
Biología.	BTO	
Xeoloxía.		
Ciencias da Terra e do Ambiente.		
Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional.	ESO	Calquera título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto da área de Ciencias Experimentais e da Saúde ou das Ensinanzas Técnicas ou calquera título oficial de graduado ou graduada da rama de coñecemento de Ciencias, de Ciencias da Saúde ou de Enxeñaría e Arquitectura e, ademais, acreditar unha experiencia docente ou unha formación superior adecuada para impartir o currículo da materia correspondente.
Cultura Científica.	ESO/BTO	Calquera título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto da área de Ciencias Experimentais e da Saúde ou das Ensinanzas Técnicas ou calquera título oficial de graduado ou graduada da rama de coñecemento de Ciencias, de Ciencias da Saúde ou de Enxeñaría e Arquitectura e, ademais, acreditar unha experiencia docente ou unha formación superior adecuada para impartir o currículo da materia correspondente.
Física e Química.	ESO/BTO	Calquera título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto da área de Ciencias Experimentais e da Saúde ou das Ensinanzas Técnicas ou calquera título oficial de graduado ou graduada da rama de coñecemento de Ciencias, de Ciencias da Saúde ou de Enxeñaría e Arquitectura e, ademais, acreditar unha experiencia docente ou unha formación superior adecuada para impartir o currículo da materia correspondente.
Física.	BTO	
Química.	BTO	
Xeografía.	BTO	Calquera título de licenciado da área de Humanidades ou das Ciencias Sociais e Xurídicas ou calquera título oficial de graduado ou graduada da rama de coñecemento de Artes e Humanidades ou de Ciencias Sociais e Xurídicas e, ademais, acreditar unha experiencia docente ou unha formación superior adecuada para impartir o currículo da materia correspondente.
Xeografía e Historia.	ESO	
Historia de España.	BTO	
Historia do Mundo Contemporáneo.	BTO	

Materias	Nivel	Condicións de formación inicial
Historia da Arte.	BTO	Calquera título de licenciado da área de Humanidades ou das Ciencias Sociais e Xurídicas ou calquera título oficial de graduado ou graduada da rama de coñecemento de Artes e Humanidades e acreditar, ademais, unha experiencia docente ou unha formación superior adecuada para impartir o currículo da materia. Licenciado en Belas Artes.
Fundamentos da Arte I e II.	BTO	Calquera título de enxeñeiro ou arquitecto da área das Ensinanzas Técnicas ou de licenciado da área de Humanidades, ou calquera título oficial de graduado ou graduada da rama de coñecemento de Enxeñaría e Arquitectura ou de Artes e Humanidades e, ademais, acreditar unha experiencia docente ou unha formación superior adecuada para impartir o currículo da materia.
Filosofía.	ESO/BTO	Calquera título de licenciado da área de Humanidades ou das Ciencias Sociais e Xurídicas ou calquera título oficial de graduado ou graduada da rama de coñecemento de Artes e Humanidades ou das Ciencias Sociais e Xurídicas e, ademais, acreditar unha experiencia docente ou unha formación superior adecuada para impartir o currículo da materia correspondente.
Psicoloxía.	BTO	
Historia da Filosofía.	BTO	
Valores Éticos.	ESO	
Educación Física.	ESO/BTO	Calquera título de licenciado, enxeñeiro, arquitecto, graduado ou graduada e, ademais, acreditar unha experiencia docente ou unha formación superior adecuada para impartir o currículo da materia. Licenciado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, Educación Física. Licenciado en Medicina que acredite estar en posesión do diploma de especialista en Medicina Deportiva.
Economía.	ESO/BTO	Calquera título de licenciado da área das Ciencias Sociais e Xurídicas ou calquera título oficial de graduado ou graduada da rama de coñecemento de Ciencias Sociais e Xurídicas e, ademais, acreditar unha experiencia docente ou unha formación superior adecuada para impartir o currículo das materias.
Economía da Empresa.	BTO	
Fundamentos de Administración e Xestión.		
Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial.	ESO	
Educación Plástica, Visual e Audiovisual.	ESO	Calquera título de enxeñeiro ou arquitecto da área das Ensinanzas Técnicas ou calquera título oficial de graduado ou graduada da rama de coñecemento de Enxeñaría e Arquitectura e de Artes e Humanidades, ou calquera título superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais, Deseño ou Artes Plásticas e acreditar, ademais, unha experiencia docente ou unha formación superior adecuada para impartir o currículo da materia correspondente. Licenciado en Belas Artes. Arquitecto.
Debuxo Artístico.	BTO	
Debuxo Técnico.	BTO	
Deseño.	BTO	
Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica.	BTO	
Imaxe e Son.		
Volume.	BTO	
Cultura Clásica.	ESO	
Grego.	BTO	Calquera título de licenciado da área de Humanidades ou calquera título oficial de graduado ou graduada da rama de coñecemento de Artes e Humanidades e, ademais, acreditar unha experiencia docente ou unha formación superior adecuada para impartir o currículo da materia correspondente.
Latín.	ESO/BTO	
Lingua Castelá e Literatura.	ESO/BTO	
Literatura Universal.	BTO	Calquera título de licenciado da área de Humanidades ou calquera título oficial de graduado ou graduada da rama de coñecemento de Artes e Humanidades e, ademais, acreditar unha experiencia docente ou unha formación superior adecuada para impartir o currículo da materia correspondente.
Lingua Estranxeira.	ESO/BTO	
Matemáticas.	ESO/BTO	Calquera titulación de licenciado da área de Humanidades ou graduado ou graduada da rama de coñecemento de Artes e Humanidades e, ademais, acreditar unha experiencia docente ou unha formación superior adecuada para impartir o currículo e o dominio da lingua correspondente. Licenciado en Filoloxía, Filosofía e Letras (sección Filoloxía), Tradución e Interpretación, na lingua correspondente.
	ESO/BTO	Calquera título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto da área de Ciencias Experimentais e da Saúde ou das Ensinanzas Técnicas ou calquera título oficial de graduado ou graduada da rama de coñecemento de Ciencias ou de Enxeñaría e Arquitectura e, ademais, acreditar unha experiencia docente ou unha formación superior adecuada para impartir o currículo da materia.

Materias	Nivel	Condições de formación inicial
Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais.	BTO	Calquera título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto da área de Ciencias Experimentais e da Saúde, das Ensinanzas Técnicas ou das Ciencias Sociais e Xurídicas ou calquera título oficial de graduado ou graduada da rama de coñecemento de Ciencias, de Enxeñaría e Arquitectura, de Ciencias da Saúde ou de Ciencias Sociais ou Xurídicas e, ademais, acreditar unha experiencia docente ou unha formación superior adecuada para impartir o currículo da materia.
Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas.	ESO	Calquera título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto da área de Ciencias Experimentais e da Saúde ou das Ensinanzas Técnicas ou calquera título oficial de graduado ou graduada da rama de coñecemento de Ciencias ou de Enxeñaría e Arquitectura e, ademais, acreditar unha experiencia docente ou unha formación superior adecuada para impartir o currículo da materia correspondente.
Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas.	ESO	
Tecnoloxías da Información e da Comunicación.	ESO/BTO	Calquera título de enxeñeiro, arquitecto ou licenciado da área das Ensinanzas Técnicas ou de Ciencias Experimentais ou da Saúde ou calquera título oficial de graduado ou graduada da rama de coñecemento de Enxeñaría e Arquitectura ou de Ciencias ou calquera titulación declarada equivalente para os efectos de docencia para impartir as materias de tecnoloxías e, ademais, acreditar unha experiencia docente ou unha formación superior adecuada para impartir o currículo da materia. Licenciado ou enxeñeiro en Informática.
Tecnoloxía.	ESO	Calquera título de enxeñeiro, arquitecto ou licenciado da área das Ensinanzas Técnicas ou de Ciencias Experimentais e da Saúde ou calquera título oficial de graduado ou graduada da rama de coñecemento de Enxeñaría e Arquitectura ou de Ciencias, e acreditar unha experiencia docente ou unha formación superior adecuada para impartir o currículo da materia correspondente.
Tecnoloxía Industrial.	BTO	

*Poderase acreditar o dominio da lingua:

- Con ter cursado un ciclo dos estudos conducentes á obtención dos títulos licenciado en Filoloxía, Filosofía e Letras (sección Filoloxía), Tradución e Interpretación, na lingua estranxeira correspondente.
- Co certificado de nivel avanzado ou o certificado de aptitude de escolas oficiais de idiomas da lingua estranxeira correspondente.
- Con calquera certificado que acredite o dominio das competencias correspondentes ao nivel B2 do Marco común europeo de referencia para as linguas no idioma correspondente, en que se faga constar expresamente o dito nivel ou outro superior.»

Catro. Engádesse un novo anexo II, que queda redactado nos seguintes termos:

«ANEXO II

Condições para impartir os módulos profesionais dos bloques comúns dos ciclos formativos de formación profesional básica en centros privados

Módulos profesionais	Condições de formación inicial
Módulo de Comunicación e Sociedade.	Calquera profesor que reúna as condicións establecidas no anexo I para impartir unha das seguintes materias: Lingua Castelá e Literatura. Lingua Cooficial (de ser o caso). Lingua Estranxeira. Xeografía e Historia.
Módulo de Ciencias Aplicadas.	Calquera profesor que reúna as condicións establecidas no anexo I para impartir unha das seguintes materias: Bioloxía e Xeoloxía. Física e Química. Matemáticas. Tecnoloxía.

Artigo terceiro. *Correspondencia entre determinadas materias do currículo anteriores á implantación das modificacións introducidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, segundo a súa disposición derradeira quinta, e os seus equivalentes no currículo derivado da súa implantación.*

Establécense as seguintes correspondencias:

Materias anteriores á implantación das modificacións introducidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, segundo a súa disposición derradeira quinta	Materias posteriores á implantación das modificacións introducidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, segundo a súa disposición derradeira quinta
<i>Educación secundaria obrigatoria</i>	
Ciencias da Natureza (1º ESO).	Bioloxía e Xeoloxía (1º ESO).
Ciencias da Natureza (2º ESO).	Física e Química (2º ESO).
Ciencias da Natureza (3º ESO).	Bioloxía e Xeoloxía (3º ESO) e Física e Química (3º ESO).
Ciencias Sociais, Xeografía e Historia.	Xeografía e Historia.
Matemáticas (3º e 4º ESO).	Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas * Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas *.
Educación Plástica e Visual.	Educación Plástica, Visual e Audiovisual.
Tecnoloxías.	Tecnoloxía.
Informática.	Tecnoloxías da Información e da Comunicación.
Lingua Estranxeira.	Primeira Lingua Estranxeira.
<i>Bacharelato</i>	
Cultura Audiovisual (1º curso).	Cultura Audiovisual I.
Ciencias da Terra e Ambientais.	Ciencias da Terra e do Ambiente.
Filosofía e Cidadanía.	Filosofía.
Tecnoloxías da Información e da Comunicación.	Tecnoloxías da Información e da Comunicación I.
Lingua Estranxeira I.	Primeira Lingua Estranxeira I.
Lingua Estranxeira II.	Primeira Lingua Estranxeira II.
Ciencias para o Mundo Contemporáneo.	Cultura Científica.

* En función da opción elixida.

Disposición derradeira primeira. *Calendario de implantación.*

A implantación das modificacións incluídas neste real decreto realizarase segundo o calendario de implantación establecido na disposición derradeira quinta da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro.

Disposición derradeira segunda. *Modificación dos reais decretos que regulan os títulos de técnico e técnico superior de Artes Plásticas e Deseño da familia profesional artística de Escultura.*

Modifícanse as disposicións derradeiras segundas dos seguintes reais decretos:

- a) Real decreto 218/2015, do 27 de marzo, polo que se constitúe a familia profesional artística de Escultura, se establece o título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas pertencente á dita familia profesional artística e se fixa o correspondente currículo básico.
- b) Real decreto 219/2015, do 27 de marzo, polo que se establece o título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Ebanistería Artística pertencente á familia profesional artística de Escultura e se fixa o correspondente currículo básico.
- c) Real decreto 220/2015, do 27 de marzo, polo que se establece o título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Escultura Aplicada ao Espectáculo pertencente á familia profesional artística de Escultura e se fixa o correspondente currículo básico.

d) Real decreto 221/2015, do 27 de marzo, polo que se establece o título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Fundición Artística pertencente á familia profesional artística de Escultura e se fixa o correspondente currículo básico.

e) Real decreto 222/2015, do 27 de marzo, polo que se establece o título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Moldes e Reproducións Escultóricas pertencente á familia profesional artística de Escultura e se fixa o correspondente currículo básico.

f) Real decreto 223/2015, do 27 de marzo, polo que se establece o título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Dourado, Prateado e Policromía pertencente á familia profesional artística de Escultura e se fixa o correspondente currículo básico.

g) Real decreto 224/2015, do 27 de marzo, polo que se establece o título de técnico de Artes Plásticas e Deseño en Ornamentación Islámica pertencente á familia profesional artística de Escultura e se fixa o correspondente currículo básico.

h) Real decreto 225/2015, do 27 de marzo, polo que se establece o título de técnico de Artes Plásticas e Deseño en Reproducións Artísticas en Madeira pertencente á familia profesional artística de Escultura e se fixa o correspondente currículo básico.

i) Real decreto 226/2015, do 27 de marzo, polo que se establece o título de técnico de Artes Plásticas e Deseño en Reproducións Artísticas en Pedra pertencente á familia profesional artística de Escultura e se fixa o correspondente currículo básico.

j) Real decreto 227/2015, do 27 de marzo, polo que se establece o título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas en Madeira pertencente á familia profesional artística de Escultura e se fixa o correspondente currículo básico.

k) Real decreto 228/2015, do 27 de marzo, polo que se establece o título de técnico de Artes Plásticas e Deseño en Forxa Artística pertencente á familia profesional artística de Escultura e se fixa o correspondente currículo básico.

l) Real decreto 229/2015, do 27 de marzo, polo que se establece o título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas en Metal pertencente á familia profesional artística de Escultura e se fixa o correspondente currículo básico.

m) Real decreto 230/2015, do 27 de marzo, polo que se establece o título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas en Pedra pertencente á familia profesional artística de Escultura e se fixa o correspondente currículo básico.

n) Real decreto 231/2015, do 27 de marzo, polo que se establece o título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas en Pel pertencente á familia profesional artística de Escultura e se fixa o correspondente currículo básico.

As disposicións derradeiras segundas dos reais decretos indicados quedan redactadas como segue:

«Disposición derradeira segunda. *Implantación do novo currículo.*

As administracións educativas poderán iniciar, a partir do curso escolar 2015/16, a implantación progresiva do novo currículo destas ensinanzas. En calquera caso, o novo currículo deberá estar implantado no curso escolar 2017/18.»

Disposición derradeira terceira. Desenvolvemento normativo.

Habílitase o ministro de Educación, Cultura e Deporte para ditar, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións sexan precisas para a execución e o desenvolvemento do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 17 de xullo de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Educación, Cultura e Deporte,
ÍÑIGO MÉNDEZ DE VIGO Y MONTOJO